



... un barquiño abandonado
da armada desta nación
e tal foi o que colleron
nesa noite desgraciada
que lles sirveu de desgusto
pa chorar tod'a semana.

Cand'o aydante cheghou
empezaron a mirar
as cousas que tiña a bordo
empesáro-nas a levar.

- Non, eso foi cando chegharon e levaron as cousas. Pero despois cheghou o aydante.

Cand'o aydante cheghou...

O día oito de xaneiro
Malpica s' alborotaba
faltab' o fillo de Cholas
que polas praias andaba
a nai choraba por morto
porque lle quería ben
com' era traballador

- Ao revés, que era larchán. Ao revés, non? Era ao revés.

com'era traballador
todos lle querían ben.

- Espera. Eso era porque él faltaba pero... foi ao barco. Eso foi o empezo, eh. Esto era o empezo.
- A ver como é a música.
- Era esa. A deste barco era esa.

O día oito de xaneiro
Malpica s' alborotaba
faltab' o fillo de Cholas
que polas praias andaba
a nai choraba por morto
porque lle quería ben
com' era traballador

- Pero era ao revés, non? E por eso facía gracia. A ver se me acorda.
- Jesús do Bicho como é?



- Jesús do Bicho era o señor que che decía eu cando pasabamos alí pola ponte. Aquela señora decíache eu que o cuñado que sabía moitas pero morreu. E a ese chámalle Jesús do Bicho.
- E mui ocurrente, eh. Que saíu hoxe...

Ai Dios mío ...

Unha historia que houbo porque non había carbón nin había ghas -xa non había ghas daquela, máis que carbón- pero entón fracasou o carbón, e houbo que facer leña de pino; facer rachas, comprar piñas, dos pinos, e tal; e comprabaas o Sabelo; e como tiñan que pasar todas pola medida del -era por medida- non sabes? E houbo comparsa deso; e os que as cantaban vestíronse de muller.

Aquí 'stámo-las das pinas
despós de tanto lutar
nos xuntamos ese día
os comersios a asaltar
e fomos ó untamento

- Porque é ghallegho

todas nunha comisión
para que baixen o pan
o aceite e o carbón
e dixono-lo alcalde
con muita amabilidadá
nós neso somos conformes
ir aló á sosiedá

- Sociedá era un comité que había.

pos non paramos cas pinas
que xa boas as puxeron
que todas teñen que ir
por medida do Sabelo

- Por ese señor. Díxolle... dicía, non sei o empezo, pero... en darlle ás, buscarlle o defeto.

este home está loco
que non sabe traballar
ghracias que ten ben seu soghro
para darlle de comer

para qué queren bastón
se non saben coxear
debe d' haber can enfermo
quére-no 'sorrentar.

- Can enfermo é un perro. Rabioso, que daquela habíaos que non había medicina.